

- **Obxectivos da experimentación na aula:**

Non quero aquí expoñer todos os obxectivos didácticos que plantexo na programación anual do departamento, so quero centrarme naqueles mais relevantes e relacionados con este curso.

No meu caso particular, as miñas motivacións e obxectivos neste curso están ligados ao interese persoal polas novas tecnoloxías e a súa utilización na aula. Podo nomear e escoller moitos obxectivos relacionados co emprego das TIC pero para resumir quédome cos seguintes:

- ✓ **Mellorar a motivación do alumnado:**

Está claro que co emprego das novas tecnoloxías en todo-los ambitos da vida cotián os nosos alumnos cada vez están mais lonxe das nosas clases teóricas e prácticas tradicionais, e dentro da nosa labor como docentes está o deber de motivalos e atraelos cara a nosa asignatura, tradicionalmente considerada como un “coco” e lonxe das súas inquiredanzas.

- ✓ **Lograr unha atitude positiva cara a Física:**

Como xa mencionei antes, os alumnos queren “escapar” en canto poden das asignaturas tradicionalmente mais difíciles, como poden ser a Física ou as matemáticas. O feito de que poidan aprender por si mesmos a través do emprego das novas tecnoloxías e experimentar e traballar os conceptos pode recuperar o interese pola Física, e que deixen de vela como unha asignatura distante e difícil.

- ✓ **Facilitar a atención personalizada:**

Tamén é certo que a obrigada atención á diversidade obriga moitas veces a deixar un pouco descolgados en determinados momentos a aqueles alumnos que destacan, tanto por arriba como por abaixo. Unha unidade didáctica ou uns conceptos Newton, ben traballados poden en determinados momentos axudar a atender estas necesidades plantexando diferentes Conceptos para as distintas capacidades dos alumnos.

✓ Mellorar e optimizar o traballo individual e en grupo:

O emprego deste material permite diseñar diferentes tipos de traballo das escenas e exercicios de xeito que poidamos traballar tanto en pequeno grupo, de xeito individual ou en gran grupo segundo as necesidades do momento e dos conceptos en cuestión.

✓ Fomentar o uso das TIC entre o profesorado:

Como membro do grupo de dinamización das TIC dentro do meu Centro non podo olvidar mencionar este obxectivo, xa que tratarei de que, se todo sae como espero, trasladar as miñas experiencias aos demais membros do claustro de profesores.

• **Contidos a tratar.:**

Non pretendo ser demasiado ambicioso neste proxecto e por iso vou a mencionar só un Tema a tratar durante este periodo de experimentación:

✓ “ESTÁTICA DE FLUIDOS”.

A elección de este tema non foi casual, de feito foi o mesmo tema que mais ou menos tratei de elaborar durante o curso de NEWTON BÁSICO feito a través do CNICE no primeiro trimestre deste curso.

O meu coñecemento dos materiais de Newton xa ben de tempo atrás e sempre me pareceu que as escenas diseñadas para tratar este tema son moi atractivas e intuitivas para tratar co alumnado.

Non desgoto a posibilidade, no caso de que todo “funcione correctamente” de engadir tamén o tema de “Traballo e enerxía” pero prefiro ser cauto e quedarme de momento con un só tema.

- **Grupo de alumnos:**

A elección do grupo de alumnos para esta experiencia tampouco foi difícil. Este ano os meus alumnos son de Terceiro e Cuarto da ESO ademais de dar clases de Tecnoloxía tamén en Segundo e Terceiro da ESO.

- ✓ Os terceiros da ESO

Son demasiado numerosos e barulleiros e ademais as unidades e conceptos do Proxecto Newton son escasos para este nivel. Sobre esta última observación volverei mais adiante, de seguro, xa que será un dos erros que vexo no proxecto Newton: no único curso no que a materia é obrigatoria e no que temos a obriga de captar clientes para a nosa asignatura e onde os materiais son menos abundantes, posiblemente, digo eu, por ter menos temas de Física, pero é unha pena.

- ✓ Cuarto da ESO-A:

Xa o adianto agora, o meu centro é moi pequeno e só temos un grupo de cuarto da ESO, con 14 alumnos, eso sí escollidos e moi traballadores e interesados pola materia. A elección deste grupo é clara ademais polo feito de que no horario teñen mais Física e millor dispoñibilidade da Aula de Tecnoloxía, na que poderán dispoñer de un ordenador por alumno.

Dentro deste grupo temos un pouco de todo a nivel académico: 7 alumn@s moi bos e outros 7 con mais limitacións que sen embargo amosan moita capacidade de traballo e interese pola materia.

Tamén teño un caso interesante en particular: unha alumna que falta moito a clase por problemas de saúde, pero de altas capacidades. Este material podería servirille para preparar a materia na casa, pola súa conta en caso de que teña que voltar a faltar moito, como xa aconteceu no primeiro trimestre.

- **Datas e temporalización:**

- ✓ Datas:

Esta claro que antes de decidir as datas terei que ter preparado o material, pero se todo vai como eu pretendo quero empezar este tema a finais do mes de febreiro , non me atrevo a decir exactamente a data de inicio pero espero que sexa o 26 ou 27 de febreiro ou o primeiro día de clase de Marzo.

- ✓ Temporalización:

No meu horario lectivo teño 3 clases de Física e Química con 4ºESO A:

-Martes: 16:30 a 17:20

-Xoves: 12:50 a 13:40

-Venres: 12:50 a 13:40

A miña intención e dedicar 5 semanas a esta experimentación alternando horas de explicación e traballo na aula con horas de traballo das escenas e material elaborado na aula de informática.

O motivo de esta temporalización non é outro que dispoñer da aula de tecnoloxía nos momentos nos cales se atopa libre e sen problema: os martes e os xoves. Os venres faremos repaso e crítica do traballo semanal e explicación de contidos non asimilados, así como programación do traballo a realizar nas seguintes horas.